Asistencias sesións /08 (Comisión informativa Sanidade e Serv. Sociais)	Manuel Loureiro Loureiro	76859794-G	27/11/2008	72,12	111.233.90
Asistencias sesións /08 (Comisión informativa Sanidade e Serv. Sociais)	Manuel Sanmartín Obelleiro	33168651-Y	27/11/2008	72,12	111.233.90
Asistencias sesións /08 (Comisión informativa Sanidade e Serv. Sociais)	Juan Antonio Torres Álvarez	76866725-N	27/11/2008	72,12	111.233.90
TOTAL				1.051,75	

<i>DESCRIPCIÓN</i>	<i>TERCEIRO</i>	<i>N.I.F.</i>	<i>DATA</i>	<i>IMPORTE</i> €	<i>PARTIDA</i>
Asistencias Pleno Maio a Decembro/08	José Naveira González	52368231-Z	05/05/08 06/06/08 03/07/08 24/07/08 07/08/08 04/09/08 06/11/08 14/11/08 04/12/08	413,01	121.0.233.90
Asistencias sesións/08 (Comisión informativa bienestar social)	Manuela Corral Martínez	33234168-L	27/11/2008	42,83	313.0.233.90
TOTAL				455,84	

4.- RETRIBUCIÓN COMPENSATORIAS Á POLICÍA LOCAL

<i>DESCRIPCIÓN</i>	<i>TERCEIRO</i>	<i>IMPORTE</i> €	<i>PARTIDA</i>
Retribuc. Policía Local 2008. Decreto 1575/2005	Coto Cabana, José Luis	1.560,00	222.151.90
Retribuc. Policía Local 2008. Decreto 1575/2005	Magariños Camino, Luis	1.560,00	222.151.90
Retribuc. Policía Local 2008. Decreto 1575/2005	Sanmartín Fernández, José Manuel	1.560,00	222.151.90
Retribuc. Policía Local 2008. Decreto 1575/2005	Cardona Constenla, Rafael Manuel	1.560,00	222.151.90
Retribuc. Policía Local 2008. Decreto 1575/2005	Quinteiro Torres, Francisco	1.560,00	222.151.90
Retribuc. Policía Local 2008. Decreto 1575/2005	Álvarez Vázquez, José Antonio	1.560,00	222.151.90
Retribuc. Policía Local 2008. Decreto 1575/2005	Rey García, José Luis	1.560,00	222.151.90
Retribuc. Policía Local 2008. Decreto 1575/2005	Castro Bernárdez, Raul	1.560,00	222.151.90

Retribuc. Policía Local 2008. Decreto 1575/2005	García Rosende, Ventura	1.560,00	222.151.90
Retribuc. Policía Local 2008. Decreto 1575/2005	García Calvo, Javier	1.560,00	222.151.90
Retribuc. Policía Local 2008. Decreto 1575/2005	Rodríguez Chao, Roberto	1.560,00	222.151.90
Retribuc. Policía Local 2008. Decreto 1575/2005	Loureiro Rey, José Luis	1.560,00	222.151.90
Retribuc. Policía Local 2008. Decreto 1684/2005	Loureiro Carbón, José Enrique	1.560,00	222.151.90
Retribuc. Policía Local 2008. Decreto 1684/2005	Campos Villaverde, Santiago	1.560,00	222.151.90
Retribuc. Policía Local 2008. Decreto 1747/2005	Gómez Crespo, Pablo	1.560,00	222.151.90
Retribuc. Policía Local 2008. Decreto 1977/2005	Fernández Bascuas, Aurelio	1.560,00	222.151.90
TOTAL		24.960,00	

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DITADAS NOS MESES DE XULLO E AGOSTO DE 2009. Polo Alcalde-Presidente dáse conta ao Concello Pleno das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 735 e 855 correspondentes ao mes de xullo e as comprendidas entre os números 857 e 974 correspondentes ao mes de agosto de 2009.

O Pleno queda sabedor.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS

Sra. Goldar Soto do PP: *Boas noites. Brevemente: contedor de vidro para a parroquia de Guimarei. Moitas grazas.*

Sr. López Campos, do PP: *Eu quería en primeiro lugar, facer unha serie de preguntas e a primeira á que nos gustaría referirnos dende o Grupo Municipal do PP, é se despois de feitos os trámites para iniciar o expediente de derrube da casa de Codeseda e despois de seguir nos medios de comunicación que non había unha resposta clara por parte do Goberno de cal era a situación á que nos enfrontabamos nun futuro máis próximo, e tomando consciencia o Goberno de que tiña que iniciarse un expediente de responsabilidade patrimonial para dirimir que tipo de responsabilidade había nese derrube e cal era a implicación do Concello en todo ese proceso, seguimos nos medios que se nomeara unha persoa responsable dese expediente, pero non volvemos ter máis información ata a data de hoxe. E a primeira pregunta que queríamos facer é en que situación está ese expediente e se xa hai algún avance en relación a algunha posible responsabilidade patrimonial por parte do Concello.*

Sr. Alcalde: *Ben, o expediente está en agarda dos informes técnicos correspondentes. Polo que eu sei, está bastante avanzado e estamos cerca de que haxa informes, e no momento que haxa informes ao respecto desa reclamación patrimonial, tratarase o asunto.*

Sr. López Campos, do PP: *Espero, e esperamos todos que sexan un pouco máis dilixentes que co expediente de deslinde das beirarrúas de Codeseda, pois dende logo, se o imos tomar con tanta calma como o tema das beirarrúas de Codeseda imos causar un serio prexuízo á familia que tivo que vivir esa triste situación. En relación a ese tema, volvemos outra vez neste Pleno a preguntar polas beirarrúas de Codeseda, evidentemente. Sabemos que hai unha obra que se iniciou hai máis de tres anos, que por unha serie de problemas como todos sabemos tivo que ser paralizada sen estar concluída na súa totalidade. Durante un tempo o Concello intentou eludir a responsabilidade que o vinculaba no convenio asinado coa*

Deputación de Pontevedra, no que se especificaba claramente que a Deputación faría o investimento material da obra, e o Concello tería a responsabilidade de poñer os terreos a disposición para que a Deputación puidese facer esa obra das beirarrúas de Codeseda. Queda un tramo sen rematar e polo tanto a obra está inconclusa. Sabemos que houbo un intento por parte do Concello para trasladarlle á Deputación a responsabilidade dese deslinde, sabemos que ese tema se enquistou un pouco e que ese tema, pois ao final tamén polos medios de comunicación sabemos que o propio Concello decidiu abrir un expediente administrativo para dirimir esa disputa que había entre os veciños desa parroquia e delimitar exactamente cal é en realidade o ámbito privado e o ámbito público nesa zona de ocupación onde terían que estar construídas as beirarrúas que aínda non están construídas. Por iso, a nosa pregunta é: en que estado se atopa actualmente ese expediente, e que previsións ten o Goberno de ter solucionado ese tema para poñer os terreos, como así recolle o convenio, a disposición da Deputación para que poida rematar esa obra.

Sr. Alcalde: *Ben, brevemente. Ata en dúas ocasións o Concello solicitou da Deputación, non que delimitase os terreos a expropiar, senón que deslindase os terreos propiedade da Deputación. É certo que non obtivemos resposta. Por outra banda, tamén solicitamos da Deputación que remate as obras que non están afectadas por ocupacións pendentes do Concello, tampouco tivemos resposta. Ao non ter resposta por estas vías, o Concello foi encargar un estudo topográfico que xa está entregado neste Concello, para delimitar cales son os terreos obxecto de expropiación en caso de ocupación por parte do Concello, e nesas estamos. Acabamos de recibir (non sei se foi no día de hoxe ou no de onte) o informe topográfico dos terreos a expropiar, polo tanto non está esquecido. Sen embargo a nós gustaríanos que se hai parte da obra que se poida executar sen expropiar terreos, que se xestionase a realización desa obra, pois non ten nada que ver cos terreos no seu día obxecto de expropiación. Nós iso comunicámolo á Deputación en varias ocasións, tanto verbalmente como por escrito, e non tivemos resposta nin na delimitación do que é o terreo nin no que é a delimitación, nin en continuar a obra. En calquera caso, a intención do Goberno é continuar co expediente e poñer os terreos a disposición da Deputación de Pontevedra.*

Sr. López Campos, do PP: *Si, e a segunda pregunta, que prazos estima o Goberno que vai ter preparada a documentación para que a Deputación poida rematar as obras.*

Sr. Alcalde: *O Goberno está a expensas dos informes técnicos pertinentes, que nos dirán en primeiro lugar de quen son os terreos, e en segundo lugar, se é necesario expropialos ou non expropialos. En calquera caso os servizos técnicos do Concello están con este tema. Tamén é evidente que hai outros temas que están tamén en man dos servizos técnicos, algúns que non poden demorarse como son contratacións de obras e certificacións, e hai unha sobrecarga de determinados departamentos do Concello e hai que priorizar, entón non está rematada, non quero nin podo dicir un prazo pois non é só vontade do Goberno, senón de que dean os pasos que hai que dar nun expediente deste tipo.*

Sr. López Campos, do PP: *Moi ben, moitas grazas. Dá gusto dialogar con vostede no capítulo de Rogos e Preguntas, xa vexo que cambiou un pouco a súa actitude de “contestareille por escrito” e xa que vexo que está tan afable hoxe para poder falar, pois hai unha serie de preguntas que me gustaría facer para ter unha serie de respostas, na liña do que está facendo hoxe e de que (a verdade que o felicito) o Pleno teña unha función máis alá de estar recibindo cartas un mes despois das preguntas que se fan na oposición.*

Sr. Alcalde: *En calquera caso, as respostas van en función das preguntas sempre. Segundo son as preguntas, así son as respostas.*

Sr. López Campos, do PP: *Pois intentarei manter un tono máis cordial con vostede para obter respostas favorables.*

Vouno facer en ton suave, pero agardo que non lle moleste que faga preguntas que teñen trasfondo político; se non, podemos falar de fútbol aquí, para que vostede non se cabree connosco e entón seguramente teñamos un Pleno tan tranquilo, aínda que vostede e eu seguramente non coincidamos ata nin no equipo favorito que temos cada un, pero bueno, nesa liña se quere propoñemos outros temas para o debate e non discutir. Pero hai temas

importantes polos que hai que discutir e eu creo que merece a pena, e nesa liña eu quería facerlle outra pregunta. O Plan FEIL que puxo en marcha o Goberno de España e o Ministerio, no seu momento un ambicioso plan no que evidentemente nós non coincidimos nin coa forma nin co fondo, pois eran oito mil millóns que había que distribuír aos Concellos e que había que investir e que ao final, por desgraza foi gastar e non investir (é unha clara diferenza de gastar os fondos públicos, entre gastar e investir, neste caso foi gastar no caso da Estrada tres millóns oitocentos mil euros), e no acordo que toma o Ministerio para poñer en marcha o Plan FEIL, acórdase pagar un 70% do importe dese Plan no momento da presentación dos proxectos, no momento no que o Ministerio valide os proxectos presentados por eses Concellos, no caso da Estrada por valor de tres millóns oitocentos mil euros, e o 30% restante pagaríase das obras que estivesen incorporadas dentro dese Plan. Pola información que temos, cóstanos que o propio Ministerio nos últimos días remitiu unha carta ou un correo electrónico a todos os concellos beneficiados polo Plan FEIL, que son todos os Concellos de España, comunicando que dese 30% non se ía proceder ao pagamento da forma que estaba conveniada no seu inicio, senón que agora cambiaban o sistema e en vez de pagar ese 30% no momento do final de obra, que o Concello tiña que acreditar o cen por cento do pagamento da obra antes de recibir o trinta por cento que estaba pendente. Esta situación, preocúpanos en grande maneira, estamos falando que ese trinta por cento para A Estrada significa máis dun millón de euros que tería que anticipar o Concello. Preocúpanos, pois as contas ao Goberno Central non lle saen, e entón quen as ten que pagar ao final como sempre é a Administración Local, e tendo en conta a situación de debilidade financeira que están atravesando todas e cada unha das administracións locais de Galicia e de España..; e ademais preocúpanos, pois como ben saben todos os veciños, estas insensateces do Goberno, están provocando que teñamos que pagalas todos cunha clara subida de impostos que nos vai afectar a todos os galegos, co cal eu tamén discrepo bastante, posto que eu prefiro que o Goberno non me suba os impostos e os meus cincocentos euros poder gastalos onde eu considero que son as miñas prioridades básicas e non darllos á Administración para que en moitos casos o malgaste en obras innecesarias. O que está claro é que a situación actual nos leva a que o Goberno non teña liquidez para facer fronte ao pagamento, e a primeira medida que toma é recortar ese 30% aos concellos, que van ter que desembolsar, coa suposta devolución futura por parte do Goberno (que ata temos as nosas dúbidas que o incorporen nese plan que teñen previsto para o ano que vén, pois están contando que sexa un plan de liquidez), polo tanto a nosa pregunta vai no sentido de que se o Concello da Estrada ten constancia de que isto vai acontecer e se ten constancia de que o Ministerio comunicase ao Concello da Estrada a modificación no FEIL, e en caso afirmativo, cal é a solución que se lle vai dar por parte do Concello para solucionar ese grave problema orzamentario que nos pode orixinar.

Sr. Alcalde: *Moi ben, eu xa sei que o PP non está de acordo con este fondo, por iso todos os alcaldes do PP renunciaron a el. Como todos os alcaldes do PP renunciaron a el, agora hai diñeiro para os outros alcaldes que estamos de acordo co fondo, que é un fondo que todos os concellos, todos sen excepción, saudaron con evidente alegría, dada a situación financeira como vostede di dos diferentes concellos. Eu non vexo ningún perigo, todas as obras do Plan FEIL do Concello están adxudicadas, están en marcha. Houbo unha obra que tivo un problema, xenerado porque a Deputación de Pontevedra puxo obxeccións a un proxecto. Tivemos que corrixilo, adaptalo, pois era un vial da Deputación, está xa contratado definitivamente, e polo tanto non corren ningún risco, ningún proxecto do Concello da Estrada, nin o Concello da Estrada ten neste momento ningún problema de liquidez referente aos pagamentos destas obras. E polo que respecta a que vostede os cincocentos euros prefira gastalos, eu estou de acordo que os 500 euros prefira gastalos vostede no que considere oportuno. O problema non está nos seus 500 euros, o problema está nos que non teñen 500 euros para gastar, e iso é o que nos preocupa a nós. Onde vostede gaste os 500 euros non nos preocupa absolutamente nada, o que si nos preocupa é a xente que está pasando un momento de dificultade económica e non paga impostos. A eles nin lles suben nin lle baixan. Evidentemente o que quere esa xente é sobrevivir en momentos difíciles. Así que en definitiva, eu non vexo problema ningún neste fondo, o Concello o que quere é executalas en prazo, vainas certificar en prazo, vai recibir os fondos integramente, e o Concello da Estrada despois deste investimento terá cambiado a imaxe da vila, e terá dotado de servizos moi necesarios un Concello tan extenso coma o noso.*

Sr. López Campos, do PP: *É dicir, que me contestará por escrito, porque non me respondeu á pregunta que eu lle fixen. Eu pregunteille se ten vostede constancia, ou lle chegou algún documento sobre que o Ministerio anulaba o sistema de reembolso dese trinta por cento, e que o Concello tiña que pagar e despois xa llo reembolsaría.*

Sr. Alcalde: *Ben, pero é que iso era así dende o principio. Imos ver, o trinta por cento, reembólsase cando se certifica a obra. Si que se recibiu un fax explicativo diso, pero que non cambia, baixo o meu punto de vista, para nada o que había.*

Sr. López Campos, do PP: *Si o cambia considerablemente.*

Sr. Alcalde: *Ben, é a súa opinión. Non imos facer debate sobre isto. Se quere facer máis preguntas, fágaas.*

Sr. López Campos, do PP: *Claro que llas vou facer. Non me contestou ás que lle fixen pero claro que lle vou facer outras. Que as árbores non lle impidan ver o bosque. Eu entendo que a vostede lle custe dicir que si, pois iso ten unha resposta. Recibiu si ou non, ¿que non cambia substancialmente?, claro que cambia substancialmente, claro que si. O acordo inicial era que ese trinta por cento se achegaría aos Concellos, como dixó vostede agora, no momento da certificación de obra, e o Fax que vostede recibiu non di que se vaia cobrar no momento coa certificación de obra, polo tanto está faltando á verdade, pois agora non di que sexa cando se certifica a obra, agora o que di é que primeiro o Concello pague o cen por cento da obra e logo o Ministerio paga, iso é o que di o Fax que vostede recibiu; entón, non falte á verdade e non diga que non cambia substancialmente. O que está claro é que o Goberno de España cometeu unha insensatez, gastou oito mil millóns, vostede di que non lle preocupa onde eu gasto os cincocentos euros, pero si lle preocupa que a situación de crise na que estamos metidos, si ten un responsable directo, e ten unha rosa no puño, e é socialista, e está claro que o máximo responsable desta situación, e ve vostede os informes da Unión Europea, onde di que España será o último país en saír da crise, e no ano que vén chegaremos ao vinte por cento de paro; iso é o que nos trae o Goberno Socialista, non veña vostede agora aquí defender os dereitos das clases máis desfavorecidas, pois a mellor política social que pode haber no mundo é ter emprego, esa é a mellor política social que existe, e calquera outro son remendos socialistas que xenera o socialismo. Entón, a min paréceme moi ben que vostede se queira facer forte nese tema, pero esa é a realidade. Pero ademais, vostedes suben os impostos un dous por cento, impostos indirectos que prexudican directamente ás rendas máis baixas.*

Sr. Alcalde: *Sr. Campos, o tema do parlamentarismo estalle pasando a vostede factura. Estamos no Concello da Estrada, atéñase ás cuestións do Concello da Estrada e non traia aquí debates do Parlamento Español ou do Parlamento Galego. Atéñase aos asuntos que vostede considere do seu interese, pero do Concello da Estrada.*

Sr. López Campos, do PP: *Os cidadáns da Estrada que menos teñen, van pagar o IVE máis caro igual que os que máis teñen. Impostos indirectos e polo tanto impostos inxustos, polo tanto non veña vostede a dicir que o que máis lle preocupan son as rendas baixas, non, iso é falso e nos feitos está demostrado. Entón, como nós non cremos nese plan e por encima vemos que agora mesmo se están tomando medidas que prexudican directamente aos concellos, e a nós preocúpanos a situación do Concello da Estrada, e a súa liquidez, e o que iso pode supoñer en executar outro tipo de investimentos ou obras, cun Plan Xeral ás portas de ser aprobado (Deus mediante), a nosa pregunta é se teñen vostedes analizado cal é o impacto ambiental dese plan, no que é a economía local da Estrada, supoño que si, é un plan de tres millóns oitocentos mil euros, con suficiente consistencia para poder perder o tempo en analizar os resultados dese plan, se teñen analizados cal é o impacto dese plan, e cal é a inercia económica xerada por esas obras, ou por ese investimento de tres con oito millóns de euros na Estrada, e se teñen analizado, na súa man, os datos de xeración de emprego, supoño que si, pois ese era un dos requisitos fundamentais e dos motivos polos que se puxo en marcha este plan, se teñen os datos de emprego xerados polo investimento de tres millóns oitocentos mil euros neste Concello.*

Sr. Alcalde: *Ben, contestarémolle por escrito.*

Sr. López Campos, do PP: *Xa cambiou a actitude, eu non cambiei o tono.*

Sr. Alcalde: *Sr. López, manteña a compostura, por favor. Faga as preguntas que estime oportunas, e déixese de facer comentarios jocosos, se lle parece ben.*

Sr. López Campos, do PP: *Si, a min paréceme ben, o comentario jocoso fíxoo vostede cando me dixo “eu contesto en función das preguntas que me fan”. Bastante jocoso é ese comentario e fóra de lugar, ao cal eu non me referín anteriormente, polo que o que abriu o fogo cruzado foi vostede, non eu.*

Sr. Alcalde: *Ben, se ten algunha pregunta máis, rógolle que a faga.*

Sr. López Campos, do PP: *Por suposto que as teño, e voullas facer tamén. Temos información, tamén a través dos medios de comunicación dun proxecto que vostede empeñou máis palabras ca feitos, pero dende logo, a palabra empeñouna bastante, igual que en moitos outros temas, e estrañounos antes, cando lle fixemos a pregunta dos prazos que estimaba vostede para ter o expediente das beirarrúas de Codeseda, facíallo con segundas, para ver se vostede dicía os prazos, pois supoño que lle dará igual incumplir a súa palabra nun tema máis. Incumpriuna no Plan Xeral, incúmprea cada vez que fala, e logo sae o contrario, e a miña pregunta entón ten que ir na liña das noticias que saíron nos medios de comunicación estes días sobre os Orzamentos Xerais do Estado, sobre a achega que o Estado fai das infraestruturas pendentes no noso Concello, e non lle vou preguntar, aínda que lle pareza estraño, pola consignación orzamentaria, polo insignificante que é, xa creo que non é necesario gastar pólvora con ese tema, senón que lle pregunto se se ratifica vostede no dito durante o mes de febreiro, xullo e logo agosto deste ano, de que daba vostede a súa palabra que garantizaba que as máquinas estarían traballando no ano 2009 na Variante da Estrada. Pregunto que me diga si ou non, e se vostede sigue afirmando o mesmo que sigue afirmando nos medios por catro veces este ano, de que as máquinas estarían traballando na Variante da Estrada este ano, si ou non.*

Sr. Alcalde: *Contestarémolle por escrito.*

Sr. López Campos, do PP: *Ben, moi ben, moitas grazas. Finalmente, como vexo que xa non podemos seguir dialogando, voulle facer un rogo, polo tanto. Pola transcendencia que entendemos que ten o Plan FEIL, e como vostede me vai contestar por escrito, e entón esa información vaime chegar cun mes de retraso, pois quero facerlle un rogo. Rogaría ao Goberno que crease, xa é público que o PP vai crear unha comisión interna para analizar ese proxecto e o seu impacto, e cremos conveniente, e facemos un rogo, para que o Goberno cree tamén unha comisión de análise do Plan FEIL, de análise dos obxectivos acadados ou pendentes de acadar, do impacto no emprego local, e en definitiva do impacto de xeración de riqueza que poden ter estas obras no conxunto dos estradenses. Polo tanto rógolle que atenda a nosa petición, e facer un seguimento deses proxectos, dese plan que en teoría para A Estrada debería ser tan transcendental.*

Sr. Reboredo Baños: *Ben, un par de rogos. Recollendo solicitudes de veciños da rúa S. Antón sobre a seguridade nesa zona, concretamente polos colectores de lixo, que a consecuencia seguramente dos locais comerciais que hai alí, acaba creando problemas aos veciños de olores. Entón rogámoslle que, ou ben se proceda á limpeza dos mesmos, ou ben se vixíen as superficies comerciais para determinar que tipo de organismos se tiran neses contedores para solucionar ese problema sangrante para eles.*

Outro rogo, ao que xa se fixo referencia no Pleno anterior, é que na Rúa da Cultura, hai un monolito que sufriu vandalismo histórico, con signos determinados, e nós pediríamos que por respecto á figura de quen representa ese monolito, se proceda á súa limpeza o antes posible. E logo, tamén un rogo, o último, na Comisión de Urbanismo, na última, solicitamos que se nos dese traslado dunha copia ou dunha relación nominal dos veciños e veciñas que

presentaran compromiso de edificabilidade no rural, e a día de hoxe non se nos solicitou, e para nós non se nos entregaron.

Sr. Alcalde: *Refírese vostede ás naves que pediron a través da transitoria trinta.*

Sr. Reboredo Baños: *Non, refírome aos expedientes de compromiso de edificabilidade para os traballos preliminares do Plan Xeral. Queremos unha relación nominal na que figure simplemente a resolución e o núcleo ao que afecta esa solicitude. Logo, en canto ás preguntas, vostede estivo de viaxe estes días. Antes de nada queremos dicirle que nós tamén estamos de acordo con esas viaxes, que se realicen dende a institución, pero como todos os anos, pedímoslle unha memoria de gastos e actividades.*

Sr. Alcalde: *Non houbo tempo, entenderá vostede que non tivemos tempo.*

Sr. Reboredo Baños: *Ben, pois fágame chegar esa memoria, e logo unha pregunta é. Levoulles vostede en man a subvención aos emigrantes?.*

Sr. Alcalde: *Non*

Sr. Reboredo Baños: *Ben, pois nós recomendámoslle que no sucesivo o faga, por que polo menos evitarémonos o custo da transferencia da bancaria.*

Sr. Alcalde: *A nós a xunta directiva da asociación, deunos unha conta para que se lles ingresase a subvención, non nos pediu en ningún momento que se fixese en man nin ningún outro tipo de actuación, polo que nós fixemos o que a asociación pediu que se fixese. Como outro tipo de asociacións, facilítase un número de conta cando se entrega o expediente, facilítase un número de conta onde se lle fai o ingreso.*

Sr. Reboredo Baños: *A última pregunta neste tema, vai para a Sra. Tenente de alcalde. Vostede está de acordo con estas viaxes?.*

Sra. Raquel López Doce: *É evidente que o Concello da Estrada pode ter visitas e relacións institucionais coas comunidades estradenses no exterior ou con outras institucións. A cuestión é para que se fan as viaxes, cantas persoas van, canto lle custa á facenda municipal esa actuación e se é proporcional aos obxectivos que se pretenden acadar. Eu creo que na súa etapa Sr. Reboredo a resposta é obvia.*

Sr. Reboredo Baños: *É a súa resposta, a súa interpretación.*

Sr. Alcalde: *Non fagamos debate coas preguntas. Se hai algunha pregunta máis.*

Sr. Reboredo Baños: *Pero vostede non me contestou si ou non. Vostede está de acordo coa viaxe si ou non?.*

Sra. Raquel López Doce: *Xa lle dixen, como boa galega, que depende de como, quen e de que vai, claro.*

Sr. Reboredo Baños: *Vostede neste momento, non ten datos de cantos van, de canto custou, de cantos foron. Non sabe contestarme sobre isto. Terá que contestarme por escrito.*

Sra. Raquel López Doce: *Vostede preguntoume sobre as viaxes, pense as preguntas antes de facelas.*

Sr. Reboredo Baños: *Eu pregunteille se vostede está de acordo coa viaxe, e vostede dígame si ou non. Bueno, díxome depende, que tamén me vale. Ben, o tema das beirarrúas de Codeseda saíu aquí, e nós temos noticias que técnicos municipais estiveron nos últimos tempos levantando actas, ou facendo estudos topográficos en Coedeseda, e entón se isto é certo, por que vostede perdeu catorce meses en tomar a decisión que nós lle propuxemos neste Pleno nunha moción, de que fose o Concello quen se puxese a deslindar os terreos?.*

Sr. Alcalde: *Eu xa llo expliquei anteriormente por dúas veces, e seguindo os consellos técnicos, solicitóuselle á Deputación que delimitase o seu terreo para ter máis fácil de saber cal era o terreo que tiñamos que ocupar. Como non tivemos resposta, xa o expliquei antes, fíxose un levantamento topográfico, polo tanto eu creo que esa pregunta quedou contestada anteriormente.*

Sr. Reboredo Baños: *Moi ben, catorce meses despois. Para cando teñen vostedes implantada a administración electrónica no Concello da Estrada?.*

Sr. Alcalde: *Contestarémolle por escrito.*

Sr. Reboredo Baños: *Cal é o motivo polo que non se nos facilita aos membros da oposición as actas e os Plenos a través de correo electrónico ou soporte informático?.*

Sr. Alcalde: *Ben, eu non teño ningún inconveniente en que a vostedes se lles faciliten as actas por correo electrónico, pero en calquera caso as actas hai que facilitarllas, e facilitánselles polos medios que se estiman oportunos, pero bueno, mire, tampouco quero que se poña pesado con iso, voulle pedir que mas envíen a min, e eu voullas enviar a vostede, é dicir eu creo que hai algunha dificultade que outra en que iso sexa así. Polo tanto, eu non teño ningún inconvinte, ningún, en que iso se faga. Se vostede quere, dáme o seu correo, e entón eu píddolle que ma envíen e eu reenvíollas, non hai problema.*

Sr. Reboredo Baños: *Téñeno no departamento, pero en todo caso, nós reiteramos este tema varias veces, e dicimos que non ten que ser ao día seguinte, pero que se nos facilite para ter en soporte informático.*

Sr. Alcalde: *De todos xeitos, contestarémolle por escrito, exactamente por que non se fai iso.*

Sr. Reboredo Baños: *É que aforramos persoal e papel. En todo caso, nós pedimos hoxe aquí, que se nos facilite copia en soporte informático de todas as actas de comisión, de Xunta de Goberno Local e de Plenos, dende xaneiro de 2008. Supoño que estarán en soporte informático, e polo tanto que se nos poden facilitar. E a última hacia o concelleiro de deportes. Fíxose a recepción da obra de reparacion do teito do Coto Ferreiro?.*

Sr. Xoan Carlos Castro Blanco, do BNG: *Ben, íalle contestar por escrito, pero se lle dou unha resposta curta, non, aínda no se fixo a recepción.*

Sr. Reboredo Baños: *A segunda pregunta, entón é, por que se lle negou aos clubs deportivos utilizar as instalacións, por non estar recepcionada a obra, e sen embargo se permitiu a Feira do Moble e agora parece ser que se permite volver utilizar esas pistas.*

Sr. Xoan Carlos Castro Blanco, do BNG: *Imos ver, esta concellería ten no seu poder un informe dos técnicos municipais, no que se di que puntualmente se pode celebrar algún evento, como así foi, algún evento que poida acoller xente, sen ningún tipo de risco. O que acontece é que para o funcionamento normal da entrada de xente, había unha das obras que non pertence digamos ao teito do Coto Ferreiro, que era a que impedía esa entrada de xente.*

Sr. Alcalde: *Ben, se non hai máis rogos e preguntas, hai un escrito presentado pola Asociación Virxe Peregrina, para cambiar o nome dunha rúa. Esta cuestión foi tratada en comisión, decidiuse deixar o tema para un posterior estudo, con máis información, pero en calquera caso, o que eu entendo que debemos dar, é a oportunidade a quen fixo esta solicitude, a que se pronuncie diante deste Pleno e que expoña os argumentos que considere oportunos, en defensa desta proposta. Polo tanto, ten a palabra Gonzalo Constenla.*

Sr. Gonzalo Constenla: *Boas noites, eu aquí estou representando á Asociación de Veciños Virxe Peregrina, para falar dun home fillo da Estrada, Manuel Porto Verdura, un home que polo seu traballo con sangue suor e bágoas, puxo as primeiras bases para o desenvolvemento deste pobo. Así llo recoñeceu a comisión e o Concello o 17 de setembro de 1931, recoñeceu ese traballo, porque puxo as liñas mestras do desenvolvemento da vila, e neste traballo nomeou unha rúa, a rúa Manuel Porto Verdura, "O Escobeiro". Agora, o Concello ten oportunidade que se pronuncie para ese fin. Tamén quixera apuntar ao novo Partido Popular, para que faga un esforzo, que o que predica se poida confirmar en realidade, que traballa pola Estrada, que vela pola Estrada e polos fillos da Estrada. Aquí ten un bo fillo para poder demostralo nesta ocasión ou no Pleno. Tamén lle quero recordar ao PP, que o seis de maio do 2006, votou en contra desta proposición que xa fixo Virxe Peregrina, e non o votou en contra senón que retirou da orde do día esa moción. Eu quero que o reconsiderare e terminando dicindo que un pobo se non recoñece a súa historia está enfermo, é melancólico e está morto. Moitas grazas por todo.*

Dona Oliva Donado Campos: *Buenas noches, mi pregunta es para el Sr. López, ante las declaraciones que hizo en los periódicos estos días con respecto a Antón Losada. Queremos preguntarle los propietarios de esa calle, que según ustedes, que si no se han hecho cesiones, entonces quiere decir que se han pagado por esa calle. Bien, como usted pertenecía al anterior Gobierno, ¿nos quiere decir quién ha cobrado por nosotros ese terreno?. Esa es nuestra pregunta, de los propietarios de la calle esa.*

Sr. López Campos, do PP: *Voulle contestar en galego, se non lle importa. Eu en ningún caso afirmé que non houbera cesión neses terreos; o que dixen foi que é unha inxustiza que tendo en conta e así a parte o sabe..., pois eu estiven reunido coa asociación que vostede representa, tivemos unha reunión na que vostede plantexou unha serie de criterios nos que incluso vostede expoñía que, ou o PP aceptaba eses criterios ou AEDRU se reactivaría, co que nos fixeron esa ameaza velada. A min AEDRU non me molesta en absoluto e eu creo que está no seu dereito de defender os seus intereses, pero así como o PP respecta o papel de AEDRU, entendo que a asociación que vostede representa, debe respectar o papel que está desenvolvendo o PP e eu así llo trasladei nesa reunión e lle dixen que se o PP tivese responsabilidade no Goberno, os terreos de Antón Losada non eran solo urbano consolidado. Díxenllo así de claro, e vólvollo a repetir hoxe; para ser solo urbano consolidado, paréceme que é unha inxustiza social con respecto aos demais propietarios que están nunha situación parecida, e a parte díxenllo nestes termos, igual que llo estou dicindo hoxe, e polo tanto entendo que ao non reunir as condicións, que ao ser un solo rústico, que se pasa a considerar como solo urbano consolidado, contrario claramente a artigos que detallan ese tipo de recualificacións na Lei do Solo do 2002, o PP non pode estar de acordo. E así o expoñemos, así o dicimos, e eu non son unha persoa que teña unha palabra na oposición e outra no Goberno. A miña postura é que ese é un solo urbano non consolidado, que se debe seguir contemplando como tal e que é unha inxustiza, tanto para os propietarios que están nese SUNC, como para o resto dos propietarios da Estrada que van ter que sufrir ese exceso de edificabilidade que se concede en Antón Losada. E, polo tanto, en interese xeral de todos os estradenses, entendo que debe ser un solo urbano non consolidado, estar suxeitos a cesións, e se nun momento determinado a vostede se lle ocuparon os terreos por unha apertura dunha rúa, terán que reclamar onde corresponda reclamar, pero o caso é este, e o Urbanismo está para delimitar e clasificar o solo, para dicir que actividade se pode facer en cada tipo de solo, e eu creo que reúne todas as condicións dun solo urbano non consolidado.*

Sr. Alcalde: *Ben, non hai lugar a debate, exponse unha cuestión e contéstase e nada máis. Se no próximo Pleno alguén quere intervir, pero neste, se non hai máis intervencións. Si hai unha. Bueno, teñen que advertir que queren intervir, non se pode seguir cunha intervención despois de outra. Hoxe por ser o primeiro día ímolo deixar facer así.*

José Magariños Correa: *Bien gracias, es que no conocía el procedimiento, y es la primera vez que vengo, y bueno. Lo que me gustaría saber es en qué estado se encuentra el saneamiento de la calle segunda travesía de S. Pelayo, una calle que por si ustedes no saben, se encuentra a escasos cien metros de la Plaza de Galicia, una calle donde el acceso*

es imposible con algún carrito, imposible con alguna silla de ruedas, una calle en la que mi abuela de 89 años ya se ha caído y herido, una calle en la que cuando llueve, las lluvias impiden llegar a casa sin barro hasta en las rodillas. Una calle en la que los sábados por la noche llego a casa y veo a gente drogándose y tengo miedo de que me digan cualquier cosa. Llevamos un montón de años esperando, desde el anterior Gobierno hasta este, que se nos ha dicho ahora, después, que ahora sí, que ahora no, ¿cuando va acabar esto?

Sr. Alcalde: *Nós non lle demos largas, nós xa dixemos o que pasaba en distintas ocasións. Esa obra de referencia, está contratada á empresa DAGO SA e será executada en breve, eu non vou dar prazos, pero o inicio das obras é inminente. Ben, polo tanto levántase a sesión. Boas noites.*

Non habendo máis intervencións levántase a sesión ás vinte e dúas horas.

A Estrada, 1 de outubro de 2009
O SECRETARIO,

Asdo.: José Naveira González